Bodegas & Viños ARES
Trofeo á Regularidade
Afeccionados 2017-2018

ELÍAS LIDERA A CLASIFICACIÓN DO MES DE XANEIRO.

Terceira derrota consecutiva dos modestos que ven como se distancian varios rivais.

Ares, 17 de xaneiro de 2018.

Excelente entrada en Prados Vellos na tarde deste domingo para contemplar dun clásico entre un Maniños que se presentaba coma líder da categoría e un Numancia que partido a partido deixa de sumar puntos.

Nos prolegómenos do partido, Álex Pérez entregaba os premios do trofeo á Regularidade “Bodegas e Viños Ares” a Carlos Arnoso (mes de decembro) e Emi Magariños (mes de

novembro).

Comezou o partido cun Maniños que tiña o balón, xogándose en campo local pero sen crear ocasións de gol. Foi Dani Espiñeira, primeiro cun remate frouxo despois de evitar a saída de Iñaki, e pouco despois cun bo disparo que obrigou ao porteiro visitante a unha gran intervención, quen gozou das oportunidades máis claras. Porén, un centro que se envelenou entrando pola escuadra da portería local, deulle a vantaxe ao Maniños. Aínda puido empatar o Numancia no lanzamento dunha falta directa realizada por Chapu e que Iñaki, nunha excelente parada, desviou a córner. Con ese resultado de 0 – 1 chegouse ao descanso. Antes, o Numancia xa tivera que retirar ao central Alberto, lesionado nun nocello.

A segunda parte principiou con intentos do equipo local por conseguir o empate, disfrutando dun par de ocasións, mesmo un remate no que o balón, entre o gardametas visitante e o traveseiro, acabou en córner. Mais unha má entrega en defensa, propiciou o segundo gol dos maniñenses. Dous goles conseguidos en dous erros dos aresáns que pesaron coma dous lousas. O resto da segunda parte xa se converteu nun pequeno caos para os xogadores numantinos, descolocados totalmente, intentando irse arriba con demasiada presa, e abandonando as posicións defensivas. Así foron como os maniñenses puideron crear máis ocasións e lograr outros tres goles. Polo medio quedou tamén un penalti lanzado por Chapu que detivo por Iñaki.

[illegible] Viñedos xogador en propiedade de "Bodegas [illegible] e [illegible]

[illegible] 8
[illegible] 8

[illegible] pontos máis o do partido anterior xogado na Capela, así queda a clasificación

A vindeira semana, espera o Barallobre. E tamén esperamos ir recuperando xogadores.